

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2026/G005/000005.

Excmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **mércores, día 4 de febreiro de 2026, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

XESTIÓN URBANÍSTICA

1. PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN FORZOSA, POLO PROCEDEMENTO DE TAXACIÓN CONXUNTA, DOS BENS E DEREITOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DO NOVO CENTRO DE SAÚDE E OUTROS EQUIPAMENTOS PÚBLICOS NO BARRIO DO SAGRADO CORAZÓN.

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

2. CONTRATACIÓN DO SERVIZO FUNERARIO PARA O ENTERRAMENTO DE PERSOAS SEN RECURSOS. Exp ref: 2025/C003/000047. ADXUDICACIÓN.

FOMENTO

3. APROBAR A PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE LUGO, NA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DO MINISTERIO DE VIVENDA E AXENDA URBANA, PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO PARA A REHABILITACIÓN DO CUARTEL DE SAN FERNANDO DE LUGO EN CENTRO DE INTERPRETACIÓN E MUSEO DA

ROMANIZACIÓN DE GALICIA, CUN ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN DE 15.201.235,59 €, CON EXPRESA ACEPTACIÓN DO PROCEDEMENTO REGULADO POLA ORDE FOM/1932/2014.

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN SOCIAL

MULLER E IGUALDADE E INCLUSIÓN

4. PRORROGAR A VIXENCIA DO IV PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE LUGO 2021-2024, POR UN PERÍODO DE 2 ANOS.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente,